

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA GALEGA
DEPARTAMENTO:
DATA: MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. LINGUA GALEGA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
	BLOQUE 1.- COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR
Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes	Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.
	Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.
Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.
Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais
	BLOQUE 2.- COMUNICACIÓN ESCRITA: LER
Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectora.	Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
	Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións)
	BLOQUE 3.- COMUNICACIÓN ESCRITA.: ESCRIBIR

Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola respectando as convencións elementais da escrita.	Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.
	Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.
	BLOQUE 4.- COÑECEMENTO DA LINGUA
Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	Recoñece a relación entre son e grafía.
	Diferencia as sílabas que conforman cada palabra
	Separa as palabras que conforman un enunciado.
Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e necesidade de cingirse a elas.
	BLOQUE 5.- EDUCACIÓN LITERARIA
Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.	Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos usando modelos.
	Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa como recurso de goce persoal.
Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Valoración inicial da situación do alumnado ao inicio do confinamento.2. Valoración contínua do traballo impreso realizado polo alumnado a través da aula virtual, ou que lle foi achegado ao seu domicilio, en base aos estándares imprescindibles do 1º e 2º trimestre.3. Valoración do traballo de fichas e libros interactivos subidos á aula virtual.4. Valoración da información aportada polos mestres especialistas.5. Valoración de circunstancias familiares temporais provocadas polo confinamento, que poden incidir na evolución do alumnado.6. No caso de alumnado con ACI estableceranse mecanismos de seguimento e acompañamento na medida do posible, en función das características do alumno, con implicación total do Departamento de Orientación. O seguimento estará dirixido a reforzar os estándares previstos nos documentos individuais dos trimestres referidos. <p>Teremos en conta que, por diferentes motivos, non sempre é posible recibir constancia do traballo e avances realizados polos alumnos en época de confinamento.</p> <p>Pero sí deberemos estar cerca das familias e acompañalas.</p> <p>Destacar que as familias da totalidade do alumnado mantiveron contacto habitual coa mestra titora polas canles establecidas, non sendo igual de habitual a presentación de traballos en tódolos casos, aínda que sí o foi na maioría.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Análise de rexistros e anotacións do alumnado no 1º e 2º trimestre.2. Observación e análise da frecuencia e calidade das fichas enviados polas familias a titoría.3. Observación e análise da frecuencia e calidade das tarefas integradas enviadas polas familias a titoría.4. Análise da información aportada polos mestres especialistas do equipo do nivel, polas canles establecidas.5. Análise da información aportada polas familias, por calquera das canles de comunicación establecidas, sobre determinados aspectos do proceso de aprendizaxe verificables no traballo recibido pola titora.6. Achegas audiovisuais aportadas polas familias, sempre dende soportes aos que teñan acceso a absoluta totalidade das mesmas (vídeo, foto, audio..).
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ol style="list-style-type: none">A) Manter o nivel de cualificacións do 2º trimestre, con posibilidades á alza en función do traballo aportado en confinamento (nunca en detrimento da cualificación da 2ª avaliación).B) Posto que a totalidade do alumnado conta con suficiente material impreso inicial, a subida da cualificación virá determinada polos

	<p>seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Alumnado que en confinamento apenas presentou traballos con regularidade á titora, ou únicamente o traballo impreso có que se contaba: mantén a nota do 2º trimestre. • Alumnado que presentou con certa regularidade, ademais dos traballos impresos achegados dende o colexio ás familias, outro tipo de actividades recomendadas pola titora: pode aumentar nun punto a calificación, sempre que se aprecie unha presentación de calidade. • Se o alumno ou alumna conta xa coa máxima calificación no 2º trimestre e presenta traballos á titoría en confinamento, quedará reflectido positivamente nos informes finais do alumnado.
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Os mesmos criterios previstos para o grupo, seleccionados no presente documento pois, igual que os estándares, teñen xa calidade de imprescindibles. 2. Polas características do alumnado en cuestión, non chegou aínda o momento de tomar algunha medida específica de atención á diversidade. <p>No 1º trimestre do curso 2020/21 serían revisados os criterios imprescindibles non superados, e ampliaríase a marxe de tempo para acadalos con éxito, desesinando actividades de recuperación e repaso. O resultado de superación quedaría reflectido nos boletíns de notas, como ven sendo habitual.</p> <p>De non ser superados os citados criterios imprescindibles, tomaráanse as medidas de atención á diversidade que a lei prescribe nos momentos oportunos.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <ol style="list-style-type: none"> A) Manter o nivel de cualificacións do 2º trimestre, con posibilidades á alza en función do traballo aportado en confinamento (nunca en detrimento da cualificación da 2º avaliación). B) Posto que a totalidade do alumnado conta con suficiente material impreso de reforzo e recuperación, a subida da cualificación virá determinada polos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> • Alumnado que en confinamento apenas presentou actividades de reforzo e recuperación á titora con regularidade: mantén a nota do segundo trimestre. • Alumnado que presentou con certa regularidade actividades de reforzo e recuperación recomendadas pola titora: pode aumentar nun punto a calificación, sempre que se aprecie unha presentación de calidade.

	<ul style="list-style-type: none"> • A calidade no traballo será analizada segundo un normotipo individualizado, valorando a evolución do alumnado con respecto a sí mesmo. Analizaremos o estado do alumno no momento actual, comparado coa situación que presentaba durante o 2º trimestre. Deste xeito, pódense apreciar os progresos.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>A) Análise de rexistros e anotacións do alumnado durante o 1º e 2º trimestre.</p> <p>B) Análise das actividades de reforzo e recuperación achegadas a titoría. En 1º de Primaria, trátase de actividades que teñen que ver coa etapa de iniciación á lectoescritura e o cálculo. Foron entregadas impresas ás familias entre o 13 e ó 20 de marzo.</p> <p>C) Análise da información aportada polos mestres especialistas do equipo do nivel, polas canles establecidas. Análise da información aportada polas familias, por calquera das canles de comunicación establecidas, sobre determinados aspectos do proceso de aprendizaxe verificables no traballo recibido pola titora.</p> <p>D) Achegas audiovisuais aportadas polas familias, sempre dende soportes aos que teñan acceso a absoluta totalidade das mesmas (vídeo, foto, audio..).</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ol style="list-style-type: none"> 1. Repaso, reforzo e/ou recuperación, en función da diversidade do alumnado. 2. Diferentes niveis de dificultade respectando os diferentes ritmos de traballo. 3. Tarfeña integradas que abordan varias asignaturas a un tempo. 4. Non contemplamos actividades de ampliación, a pesar de que certos alumnos amplían contidos de forma natural.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Material impreso entregado ao alumnado (de especial importancia para o alumnado sen conectividade), ademais de ser imprescindible para traballar as técnicas instrumentais de lectura escritura e cálculo, eixo principal dos estándares de 1º de primaria. 2. Uso da aula virtual (cando é posible) 3. Alicacións de mensaxería. 4. Comunicación telefónica. 5. Abalar móbil móbil. 6. Correo electrónico.
Materiais e recursos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Achea de material de repaso impreso dende Dirección e Concello. 2. Achea de material de recuperación e reforzo impreso dende a Dirección e Concello. 3. Achea de fichas e tarefas integradas a través da aula virtual. 4. Achea de material audiovisual dende as familias á titoría

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Aplicación Abalar móbil, basicamente, podendo complementar con calquer outro medio establecido pola titoría e as familias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

